



Introdución ao monográfico: “Dos feminismo(s) aos ecofeminismo(s): Análises literarias e culturais”¹

*Presentation of the issue: “From Feminism(s) to
Ecofeminism(s) Literary and Cultural Analyses”*

María Jesús Lorenzo-Modia

Recibido: 18/12/2022

Aceptado: 19/12/2022

Este número monográfico sobre ecofeminismo(s) insírese no marco dos ensaios que promoveron a equiparación das mulleres e que apareceron desde a era moderna en varios países europeos, como acontece co do autor francés François Poullain de la Barre en *De la educación de las damas* (1671) ou *The Equality of the Sexes* (1673) ou cos das británicas Mary Astell, *A Serious Proposal to the Ladies* (1694-97) e Mary Wollstonecraft, *Vindicación dos dereitos da muller* (1792), e con moitas outras pensadoras que desde o renacemento puxeron en valor a necesidade de que as mulleres foran consideradas en pe de igualdade tanto desde o punto de vista intelectual como dos seus dereitos civís como cidadás. As mulleres o os animais foron a miúdo equiparados e considerados como seres

¹ Este traballo foi realizado no marco dos proxectos de investigación seguintes: “O tropo animal” (PGC-2018-093545-B100), “Ética e estética das cartografías migratorias” PID2019-109582GBI00, ambos do Ministerio de Economía e Competitividade / FEDER-UE, e do Grupo de Investigación CLIN, Literatura moderna e contemporánea da Universidade da Coruña.

María Jesús Lorenzo-Modia é catedrática de Filoloxía Inglesa na Universidade da Coruña e directora en Galicia da Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP). Últimas publicacións: Edición con Margarita Estévez-Saá dun número monográfico de *Women’s Studies. An interdisciplinary journal* en 2018 titulado “The Ethics and Aesthetics of Eco-Caring. Contemporary Debates on Ecofeminism(s)” e reeditado como libro (Routledge 2019); e os artigos e capítulos seguintes: “Medbh McGuckian and Ecofeminist Anxiety: “The Contingency of Befalling” *Estudios irlandeses*, 2020; “Representations of the New Woman in The Irish Times and The Weekly Irish Times. A Preliminary Approach,” *Océánide* (2020) con Begoña Lasa; “Rosalía de Castro e as escritoras angloamericanas do seu tempo en *La hija del mar*” *Follas Novas* (2018); “The Feather Shop” de Medbh McGuckian: A ollada empática ás mulleres e á natureza,” *Boletín Galego de Literatura* (2017); “The Belated Translations of Texts by Frances Burney and George Eliot,” *Concepts, Discourses, and Translations* (Springer 2022). Contacto: maria.lorenzo.modia@udc.es. ORCID: 0000-0002-3524-9477.

Cómo citar este artículo: Lorenzo-Modia, Marí (2023). Introducción ao monográfico: “Dos feminismo(s) aos ecofeminismo(s): Análises literarias e culturais”. *Atlánticas. Revista Internacional de Estudios Feministas*, 8 (1), 1-16. doi: <https://dx.doi.org/10.17979/arief.2023.8.1.9439>

subsidiarios, coa finalidade de coidar, axudar ou ofrecer subministracións na sociedade patriarcal. A defensa dos animais xa fora posta en valor polas sufraxistas británicas, que -ademais de reivindicar o dereito ao voto- se mostraron claramente en contra da vivisección dos animais non-humanos como un comportamento carente de ética e de empatía.

Na actualidade xorden as éticas animais (Marvin e McHugh) e as éticas ambientais (Kheel) como resposta ás carencias do sistema patriarcal, que tiña unha perspectiva egoistamente antropocéntrica e carecía dunha visión holística do mundo e das especies. Acontece que a explotación dos animais e das mulleres acaba converténdose, en última instancia, nunha instrumentalización da propia raza humana no seu conxunto con finalidades materialistas. Aplicouse unha perspectiva utilitarista ou mesmo de *homo oeconomicus*, na que todo se basea na utilidade ou rendibilidade para o patriarcado da sociedade industrial. A posición secundaria do xénero feminino deriva do androcentrismo, no que os varóns ocupan o punto mais elevado da escala social e familiar e, nese marco, tanto as mulleres como os outros seres da terra son subsidiarios e están ao servizo dos varóns, ate o punto de que mesmo os animais poden chegar ao extremo da extinción debido ao propio consumo ou o desfrute do patriarcado imperante (Haraway).

Desde esta perspectiva interseccional co ecoloxismo, e que actualiza os feminismo(s) dos séculos XX e XXI, os ecofeminismo(s) prestan atención ás mulleres desde unha óptica que fuxe non só dos intereses do androcentrismo, senón tamén das limitacións do antropocentrismo, que unicamente ten en conta á especie humana (Holland-Cunz), co obxectivo de ser mais globalizadora coas especies da terra toda e coa terra mesma. Como no caso dos feminismos, non se considera que o pensamento ecofeminista sexa monolítico senón que admite visións diferentes, e mesmo contraditorias, coa finalidade de que todas as posicións das mulleres poidan estar incorporadas a este marco teórico e ao movemento, e mesmo poidan evolucionar ao longo do tempo (Mickey ix). Isto está reflexado en publicacións como a titulada *Ecofeminism in Dialogue* (Vakoch e Mickey). Porén, pode haber mesmo outras denominacións para este enfoque tales como “feminismo ambiental,” “feminismo ecolóxico,” (Warren “Ecological”) “xénero e medio ambiente” (Villanueva), ou “ética e xustiza feminina global” (Sturgeon, Donner, Sze). Outro dos elementos que hai que ter en conta é que as

perspectivas críticas ecofeministas non son unicamente de corte teórico, senón que tamén teñen influencia nos activismos sociais nos que as mulleres e os grupos animalistas participan, tendendo deste modo pontes entre as donas e os varóns, capaces de recoñecer que os comportamentos androcéntricos e antropocéntricos existentes non permiten o desexado equilibrio no planeta (Peralta). Ademais, non parece conveniente a disociación entre os postulados teóricos e os movementos sociais, para evitar enrocarse nos binarismos como por exemplo natureza/cultura, razón/emoción, home/muller, como sucedeu no pasado, e que non teñen levado a solucionar nin o androcentrismo nin o antropocentrismo, xa que non se pode avanzar socialmente sen a necesaria concienciación e cooperación dos varóns e da poboación en xeral e a súa aplicación social (López Llamas). Tamén hai que ter en conta que este enfoque ecofeminista se desenvolveu primordialmente no contexto europeo e norteamericano, pero tamén ten raigame en países en desenvolvemento fora desta área xeográfica, como expón Vandana Shiva na súa obra *Staying Alive: Women, Ecology and Development* (1988).

Foi no ano 1860 cando se acuñou o termo ecoloxía da maao do zoólogo xermano Ernst Haeckel, poñéndoo en relación coas teorías evolucionistas de Charles Darwin. Sen embargo, a ecoloxía como disciplina científica foi desenvolvida polos botánicos norteamericanos na derradeira década do século XIX (Kingsland 1-2). Esta perspectiva de análise da realidade natural foi relacionada co feminismo pola escritora de orixe española Françoise D’Eaubonne en 1974, cando acuñou o termo ecofeminismo. A súa idea estaba centrada na loita contra a explotación utilitarista do medio natural pola acción dos homes, da mesma forma que fixeran historicamente coas mulleres, que eran consideradas de segunda, en termos de Simone de Beauvoir, reflexados no título da súa obra *O segundo sexo* (1949). Os estudos postcoloniais tamén puxeron de manifesto a imposibilidade de se manifestaren dos/das subalternos, como menciona Gayatri Spivak no seu artigo de 1998, os que foron considerados como os “outros” (as mulleres, os procedentes do Sur global, os pobres). Outro exemplo do antedito enfoque é o exposto por Graham Huggan e Helen Tiffin nas súas análises sobre o marfil e os elefantes en *Postcolonial Criticism* (2010: 141-161).

Unha forma moi clara de expoñer os postulados dos que parte o ecofeminismo é o utilizado por Emily Carr en 2016: “Un: o feminismo implica as

análises das estruturas de dominación. Dous: a ecocrítica explora os principios teóricos da interdependencia da vida. Tres: o ecofeminismo xorde na intersección da xustiza de xénero, os dereitos animais, e a conservación de medio ambiente” e engade que todo este cambio implica necesariamente un cambio lingüístico (160).² A crítica ecofeminista é unha das escolas de crítica literaria pero tamén é recoñecida como corrente filosófica (Warren *Ecofeminist*), nun momento de cambio no que se interrelacionan os saberes científicos e lóxicos coa finalidade de mellorar en igualdade o mundo circundante e os seres vivos que nel habitan. Os estudos críticos sobre animais humanos e non-humanos e a nosa relación con eles tamén deben ser considerados desde a perspectiva ecofeminista (Sands, Ortiz). A análise lingüística e literaria dos textos que unha cultura produce, tanto os de ficción como os de non-ficción, permítenos apreciar as estruturas de dominio que afectan ás mulleres, aos animais e á terra. Esa é a razón pola que a crítica literaria e cultural é unha disciplina pertinente e necesaria en tanto que propicia nesta ocasión un debate científico, filosófico, ético e tamén estético (Estévez-Saá e Lorenzo-Modia).

O anterior non evita que houbera, e haxa, quen rexeita o ecofeminismo desde dous puntos de vista contraditorios entre si, ben porque se presta mais atención ao feminismo que á ecoloxía ou viceversa. En todo caso, nestes debates non se rexeita a óptica e só se discute sobre a proporcionalidade dos argumentos. Isto ponse de manifesto nos traballos de Slicer e Fox, pero é ben certo que non é unha arela nova xa que as feministas xa defendían esta reivindicación a prol dos animais a finais do século XIX, e no XXI téñeno incorporado ao seu ideario sen renunciar aos patróns de xénero e á loita contra as estruturas de dominación existentes, e que polas súas características intrínsecas aféctanlles global e individualmente e tamén ao medio no que se moven. Evidentemente, os dualismos home/muller, público/privado, natureza/ cultura teñen permitido a explotación doutros humanos e humanas (especialmente), e tamén dos non-humanos, polo tanto, o ecofeminismo é unha posición ética mais ampla, unha misión enraizada nas correntes feministas de respecto e coidado a todas as especies.

Como se indica na mera mención do título do libro de Alicia H. Puleo,

² As traducións son propias salvo indicación en contrario.

Claves Ecofeministas: Para rebeldes que aman a la Tierra y a los animales (2019), no segundo cuarto do século XXI xa non se pode entender o feminismo sen ter en conta tanto a terra como a todos os seres, humanos e non humanos, que nela habitan e debería facerse na perspectiva filosófica inclusiva do grego Epicuro, que admitía no seu xardín do coñecemento non só homes libres senón tamén mulleres. Pero esta corrente non foi a imperante na civilización occidental a partir dos romanos, e o antropocentrismo non considerou en pé de igualdade aos outros seres relegados a segunda categoría, que incluían non só as mulleres senón tamén á natureza no seu conxunto. A equiparación das mulleres coa natureza xa existe no patriarcado, coa consecuencia de telas relegadas a seren de segunda. Polo tanto, convén realizar unha disociación da tradicional asociación das mulleres coa natureza e dos varóns coa cultura. Así, seguindo a Kate Sandilands (“Ecofeminism and Its Discontents” 95), esta nova asociación coa natureza e o ecoloxismo das propias mulleres parte dunha reconceptualización das relacións entre os varóns e as mulleres, dunha nova concepción do xénero e tamén do establecemento dunha nova conexión co entorno natural, cos animais e coa terra na que habitan. O trato co planeta, pois, non pode estar disociado da cultura e das nosas concepcións globalizadoras, de forma que non se extermine o seu potencial e que sexa posible a coexistencia harmónica de todos os seres vivos. Tendo en conta que tamén a nosa percepción da natureza é un constructo (Sandilands), o que é pertinente é ter unha nova concepción da terra, non como elemento a dominar, senón coa que debemos establecer unha nova relación (Mathews), á que temos que comprender e coidar (Gruen).

Hai moitas pensadoras e filósofas en España que analizan con esta perspectiva este feito, entre elas podemos citar a Angélica Velasco Sesma, no seu ensaio *La ética animal: ¿una cuestión feminista?* (2017). O que se propugna non é só un espazo de sororidade entre mulleres senón que o feminismo se converta en ecofeminismo cunha perspectiva ética e que incorpore non só á terra senón aos animais que deberían estar en perfecta simbiose no ecosistema que habitan.

Outro dos elementos a ter en conta na análise dos ecofeminismos é a súa interseccionalidade e a relación co concepto de posthumano. Esta última denominación provén da ciencia ficción e analiza a evolución humana en relación coa súa interacción coa tecnoloxía, o que fai albiscar una reconceptualización da humanidade distinta do concepto renacentista imperante ate de agora, no que o

ser humano era o elemento central. Os pensadores contemporáneos creen que esta suposta centralidade, por unha parte está en proceso de cambio debido ao avance da tecnoloxía, e, por outra, leva á civilización a un camiño sen saída, ademais de considerar que as mulleres e os animais non formaban parte activa desta centralidade. Unha das autoras que conceptualizan o posthumanismo é Rosi Braidotti aducindo que o posthumanismo introduce un cambio cualitativo no noso pensamento e permítenos dar sentido ás nosas identidades flexibles e múltiples, en particular ás das mulleres (1-2).

Estes conceptos están relacionados con Jacques Derridá e o seu estudo sobre a íntima relación entre os animais humanos e non-humanos (2002), tamén cos dos filósofos Félix Guattari e Guilles Deleuze que se cuestionan as consecuencias negativas do sistema socio-político no que vivimos en occidente no libro subtítuloado *Capitalism and Schizophrenia* (2005). Sen embargo, autoras como Haraway aducen que estes filósofos fan unicamente postulados teóricos e non descenden á realidade da vida das mulleres reais. Ante a situación social actual, Victoria Aragón, na súa obra de 2022, propón como solución á crise global o ecofeminismo e o decrecemento, como fórmula alternativa de progreso.

Greta Gaard no ano 2007 analiza as relacións inter-especies, o ecofeminismo e o posthumanismo. Hoxe en día estase abordando tamén que os afectos son importantes, non como elementos de sentimentalismo habitualmente relegados ao sexo feble, senón como elementos importantes na ética contemporánea, que ten que incorporar a empatía como un valor positivo nos comportamentos humanos e na ética do coidado dos outros que ten que basearse na xustiza e na equidade. Esta foi unha perspectiva xa defendida polas feministas desde a primeira onda. Isto é tamén o que postula Ana de Miguel, que equipara a explotación das mulleres na prostitución coa explotación animal (2015). Nesta mesma liña da explotación das mulleres tense manifestado Rosa Cobo, que ten conectado a pornografía tanto co capitalismo (2018) como co poder patriarcal (2020).

Para rematar este apartado teórico convén mencionar que Gaard, na súa obra de 2017 fala de ecofeminismo crítico, alertando sobre a idea de que esta perspectiva non é algo estático, senón que ten que estar en constante revisión e debemos cuestionarnos os nosos comportamentos como método de dúbida e contraste.

Este volume consta de oito artigos da man de diferentes investigadoras e investigadores de seis universidades diferentes e dunha entrevista coa escritora Marilar Aleixandre, académica numeraria da Real Academia Galega e galardoada co Premio Nacional de Literatura 2022. Nestes artigos analízanse diferentes tipos de textos e artefactos culturais, entre eles, textos autobiográficos, de ficción, líricos, ensaísticos, así como series de televisión, en linguas galega, castelá e inglesa. Os enfoques son ás veces comparatistas entre distintos sistemas culturais. Os textos analizados pertencen aos sistemas literarios seguintes: Irlanda/Irlanda do Norte, Reino Unido, España, Italia, a antiga Iugoslavia, Sudáfrica, Bostwana e Galicia. Noutros casos están centrados nos estudos de tradución e como os enfoques postcoloniais, postmodernos, feministas e transnacionais son aplicables desde o punto de vista da tradución.

O primeiro dos ensaios, de autoría de **María Xesús Nogueira Pereira**, é o titulado “Poesía, espolio e degradación medioambiental: Unha lectura desde o ecofeminismo” analiza un corpus de poesía de temática medioambiental escrita por autores e autoras galegas como María Reimóndez, Lupe Gómez, Dores Tembrás, Marilar Aleixandre ou Darío Xohán Cabana no novo milenio. O traballo céntrase en poemas que evocan agresións ao medio ambiente como parques eólicos, explotacións mineiras ou construción de encoros. Tamén estuda poesía post-*Prestige*, isto é un amplo ciclo poético destinado a expresar a relación entre a contaminación nas costas europeas, especialmente as galegas, provocada polo accidente dun barco con esa denominación e a dificultade da vida de todas as especies humanas e non-humanas nas costas. Neste artigo identifícanse as dobres agresións sufridas pola muller e a natureza, desde a perspectiva da ecocrítica.

O artigo da profesora **Ana Acuña Trabazo**, da Universidade de Vigo, en torno a “Voces da infancia aniquilada” presenta outro aspecto dos estudos galegos cunha mirada sobre os animais e a infancia en contextos de guerra en diferentes países, entre deles Italia, a antiga Iugoslavia, e Galicia e como o seu sufrimento pasa a ser unha invisibilidade, especialmente no caso dos animais, pero tamén no caso dos animais humanos nos seus primeiros anos de vida. Seguindo os postulados de Rosi Braidotti e Paul Ricoeur as escritoras das que este artigo se ocupa primordialmente, Susana Sánchez Arins, Montse Fajardo e Asun Bernárdez Rodal son avaliadas en tanto que reflexan as memorias de nenos

e nenas durante o escuro período da guerra civil española e do posterior franquismo.

O seguinte artigo é da autoría da doutora **María Eugenia Perojo Arronte**, da Universidad de Valladolid, titulado “A Comparative Study of the British and Spanish Nineteenth-Century Reception of Felicia Hemans”. Nel ponse de manifesto como a arriba mencionada poeta romántica, que tivo unha grande repercusión no seu tempo no Reino Unido, comparable coa dos seus compañeiros Wordsworth, Coleridge ou Byron, tivo unha recepción en España directamente relacionada coa relevancia no seu país. Sen embargo, esta recepción non ten sido avaliada con ecuanimidade pola crítica. Hai que ter en conta que os liberais españois exiliados no século XIX tiveron un rol fundamental na consolidación da fama desta poeta no mundo hispánico e no recoñecemento das poetas do movemento romántico, non recollidas como se merecen nas historias da literatura e nos procesos de estudos de crítica feminista da literatura desde o punto de vista transnacional.

O ensaio presentado polos investigadores **José Igor Prieto-Arranz**, da Universitat de les Illes Balears e **María Gómez-Martín Novoa** da Universidad de Oviedo abunda nos estudos comparados en relación coa novela histórica publicada en España e no Reino Unido escrita por mulleres. A personaxe utilizada nos textos é unha raíña británica de orixe española como reza o título do artigo: “La extraña ignorada. Estudio comparativo de Catalina de Aragón como personaje en la novela histórica británica y española contemporánea de autoría femenina.” O estudo analiza como as escritoras que abordan outros períodos históricos desconstrúen tanto os discursos de identidades nacionais como os roles de xénero e os analizan desde unha perspectiva de crítica feminista. As novelistas británicas analizadas son multipremiadas e mesmo teñen versións das súas obras en películas e series televisivas, converténdose en artefactos culturais, o cal reflexa o interese dos textos analizados e os enfoques ecofeministas aplicados. As autoras británicas son Philippa Gregory, Alison Weir e Hilary Mantel, e as españolas estudiadas son a escritora e historiadora Pilar Queralt del Hierro, Magdalena Lasala e Almudena de Arteaga. Catalina de Aragón aparece como personaxe en todas estas novelas, por exemplo en *The Other Boleyn Girl* (2001), *The Constant Princess* (2005), e en *The Spanish Princess* (2019) de Gregory. Weir, pola súa parte ten publicado *Katherine of Aragon: The*

True Queen (2016). Mantel é a única muller que gañou o prestixioso galardón Booker Prize por dúas veces, e é autora de *Wolf Hall* (2009) e doutras novelas nas que aparece a aristócrata natural de Alcalá de Henares. As escritoras en castelán tamén teñen publicado textos sobre esta filla de raíña española Isabel I e de Fernando de Aragón, como por exemplo *Catalina de Aragón. Reina de Inglaterra* (2002) da man de Almudena de Arteaga.

O estudo a seguir, de **Juan Miguel Zarandona**, titúlase “La traducción al español de los escritos autobiográficos de Bessie Head, *A Woman Alone* (1990), desde una perspectiva feminista y transnacional.” Este profesor da Facultade de Tradución de Soria (Universidad de Valladolid) presenta unha análise de relatos de vida dunha autora de orixe sudafricana e botswana estudando co marco teórico do proceso traductolóxico a textos dunha escritora mestiza, á que se lle pode aplicar o concepto de hibridación. Neste traballo tamén se nos presenta a asoballada terra africana da escritora cunha aproximación á súa figura e á súa obra. Outra das aportacións deste traballo é o estudo das políticas de tradución das editoriais en lingua castelá, que habitualmente non permiten a visibilización das escritoras do sur global desde unha perspectiva postcolonial. Ao tempo, desde unha perspectiva psicolóxica e psicosocial Jungiana nos achegamos ás dificultades, e mesmo ás traxedias, das vidas das mulleres no cono sur africano.

O ensaio de **Noemí Pereira-Ares** leva por título “Moda, subalternidad y ecofeminismo en clave socio-literaria: *Brick Lane*, de Monica Ali.” O seguinte traballo da profesora da Universidade de Santiago de Compostela trata tamén a posición das mulleres nas antigas colonias do imperio británico, pero neste caso en Asia. Neste traballo faise unha aproximación ecofeminista ao mundo da moda, que lonxe do glamour das pasarelas, se centra na orixe dos produtos utilizados para a vestimenta e os seus efectos nos ecosistemas, como esas materias primas pasan polas maos creativas das mulleres e se converten tanto en obras de arte como en obxectos de consumo. Sen embargo, de forma indisoluble co anterior as mulleres que traballan nos talleres da industria da moda son mantidas nunha posición de subalternidade social, e mesmo na ilegalidade dos talleres clandestinos tanto en Londres como en Bangladés, e condicións penosas ate o punto de que recentemente varios destes edificios colapsaron e arderon coas costureiras dentro. Todos estes elementos son analizados a través da opera prima da novelista Monica Ali, natural de Daca, cidade epítome da moda rápida

comercializada en occidente e da escravitude das obreiras do téxtil na orixe dos produtos. Outro dos elementos abordados neste traballo é o da moda como unha posible forma de subversión ante a sociedade patriarcal por parte de mulleres de orixe postcolonial e que volven á metrópole para interpelar as súas políticas en relación coa explotación das mulleres e da natureza tanto no terceiro mundo como en occidente.

Pola súa parte, **Rubén Jarazo Álvarez** (Universitat de les Illes Balears), no artigo titulado “‘It’s fucking tiny:’ Road Movies, Urbancentricity and Gender Immobility in *Derry Girls* (2018–),” amplía o abano de ensaios deste volume monográfico cun traballo sobre unha serie televisiva en torno á vida en Irlanda do Norte, en concreto na cidade de Derry. Esta comedia está situada no contexto anterior ao cesamento do fogo no Norte, no que a violencia segue larvada. Un dos elementos salientados no estudo é a desigualdade das rapazas da serie na que se está mostrando a preeminencia dos varóns e a construción das masculinidades baseadas no dominio do territorio e na súa hexemonía. Nos estudos contemporáneos unha das liñas de investigación que están avanzando neste momento son precisamente os estudos das masculinidades e a súa correspondencia coas desigualdades das mulleres. O estudo, centrado nun dos episodios da serie, presenta unha análise ecofeminista, e analiza a forma na que os varóns adolescentes procuran o control do espazo público en detrimento das rapazas e dos seres vivos en xeral. Outro dos elementos explorados é o da partición da illa de Irlanda e as expectativas dos e das adolescentes en canto ao futuro desde o punto de vista social e político. Todo isto está relatado en clave de comedia de puberdade e apropiándose dos códigos cinematográficos doutros subxéneros como o filme de estrada, os de gangsters e os da épica histórica e subvertíndoos para aportar novas significacións contemporáneas. Tamén se trata de poñer en cuestión o *status quo* mediante a confrontación cos valores tradicionais representados pola autoridade e as súas normas, que os acaban levando á sociedade de consumo e ás adicións, sen ter en conta a dimensión da violencia sectaria na sociedade na que están medrando. A través da iconografía dos vehículos analízanse o mundo rural e os valores da ecoloxía e da civilización e as diferencias de como os homes e as mulleres poden acadar un lugar no mundo actual.

O artigo que segue, da pluma da profesora da Universidade de Santiago

de Compostela **Manuela Palacios González**, titulado “Vieiros literarios do ecofeminismo en Galicia e Irlanda,” presenta una moi innovadora estrutura e contidos. A autora presenta na introdución a conceptualización do ecofeminismo crítico a través das interrogacións sobre o mundo e sobre os construtos propios que determinan o noso *modus vivendi*. Experta en aplicar modelos ecofeministas ás literaturas galegas e irlandesas (2017, 2019a, 2019b, 2020), Palacios diseña posteriormente unha estrutura de obras creativas ou micro-ensaios encargados a unha morea de escritoras/investigadoras galegas e irlandesas premiadas que dialogan sobre ecoloxía e xénero en pequenos textos que se aportan para abondar no pensamento en acción por parte de mulleres creativas e que se expresan mediante verbas en acto. En ocasións estas autoras fan reflexións sobre as súas propias publicacións e mesmo aportan probas gráficas dos seus referentes, polo que adquiren o dobre valor de seren traballos ensaísticos sobre as súas propias publicacións e os seus referentes. As sete galegas das que podemos ler o seu ideario son: **María Alonso Alonso, Tamara Andrés, Lara Dopazo Ruibal, Rosalía Fernández Rial, María Reimóndez, Rexina Rodríguez Vega e Lorena Souto**. As oito autoras irlandesas que colaboraron neste artigo son as seguintes: **Sarah Clancy, Eithne Hand, Alice Kinsella, Catherine Phil MacCarthy, Máighréad Medbh, Annemarie Ní Churreáin, Mary O’Donnell e Grace Wells**. O propio artigo presenta apuntes biográficos de todas elas nas que se aprecian as similitudes e tamén as súas diferenzas, xa que traballan diferentes xéneros literarios, son activistas e participan tamén nos medios de comunicación e nas institucións literarias de prestixio dos dous países. Así, este traballo da profesora Palacios, ao tempo que é un traballo académico incorpora longas citas de escritoras que enriquecen o ensaio coas súas aportacións. O artigo conclúe cunha análise comparativa entre as reflexións das autoras galegas e as irlandesas en tanto que as primeiras usan a lingua galega como elemento de resistencia namentres que as irlandesas perderon a súa na invasión inglesa, na que tamén perderon as árbores da illa, moitos dos animais que vivían nos bosques, as súas propiedades e o sistema socio-político preexistente que rematou na partición da illa. Por último, a bibliografía da conta tanto do marco teórico que informa o artigo como das obras das autoras que contribuíron ao mesmo.

O último traballo presentado neste volume é una entrevista realizada por **María Jesús Lorenzo Modia** á académica de número da Real Academia Galega,

a escritora, tradutora e catedrática de Didáctica das ciencias experimentais da Universidade de Santiago de Compostela, **Marilar Aleixandre**, e galardoada co Premio Nacional de Literatura 2022. A razón desta entrevista está na vocación biolóxica da autora, que a levou a ter unha brillante carreira profesional neste campo, e tamén na súa vocación de escritora, activista e feminista, que necesariamente conflúe no ecofeminismo desde Galicia, e todo isto lévao a cabo usando e promovendo a lingua galega como vehículo de comunicación e de cultura desde a súa chegada a Galicia no ano 1973. Esta entrevista está precedida por unha introdución á súa extensa obra analizando as claves que a informan e as motivacións que a levaron a ser unha escritora prolífica ao tempo que fai labores de dinamización do patrimonio galego.

En conclusión, este monográfico presenta un ramo de artigos sobre ecofeminismos por autores e autoras de diferentes países, en particular de Galicia, España e Irlanda nos que se realiza unha avaliación crítica sobre esta perspectiva, tanto no seu marco teórico como na aplicación práctica en textos fílmicos e nos diferentes xéneros literarios e culturais en xeral.

BIBLIOGRAFÍA

- Aragón, Victoria (2022). *Ecofeminismo y decrecimiento frente a la crisis global*. Madrid: Catarata,.
- Astell, Mary (2013). *A Serious Proposal to the Ladies*. 1694-1697. <https://www.gutenberg.org/files/54984/54984-h/54984-h.htm>
- . *Escritos feministas*. María Luisa Pascual Garrido, ed. Madrid: Maia.
- Braidotti, Rosi (2013). *The Posthuman*. Cambridge: Polity Press.
- Cobo, Rosa (2020). *La pornografía: El placer del poder*. Barcelona: Ediciones B.
- (2018). *La prostitución en el corazón del capitalismo*. Madrid: Libros de la catarata.
- Beauvoir, Simone de (1949/2008). *Le deuxième sexe*. París: Gallimard. *O segundo sexo*. Trad. Marga Rodríguez Marcuño. Vigo: Secretaría Xeral de Igualdade e Xerais.
- Carr, Emily (2016). “The Riddle Was the Angel in the House: Towards an American Ecofeminist Gothic.” *Ecogothic*. Andrew Smith e William Hughes, eds. Manchester: Manchester University Press.
- Derridá, Jacques (2008). *The Animal that Therefore I Am*. Trad. Marie-Louise Mallet. New York: Fordham University Press.
- Donner, Wendy (1997). “Self and Community in Environmental Ethics”. Karen J. Warren, ed., *Ecofeminism: Women, Culture, Nature*. Bloomington: Indiana University Press.
- Eaubonne, Françoise (1974). “Le temps de l’écofeminisme.” *Le féminisme ou la mort*. París: Pierre Horay.
- Estévez-Saá, Margarita e María Jesús Lorenzo-Modia, (eds). (2018) “Introduction to ‘The Ethics and Aesthetics of Eco-Caring. Contemporary Debates on Ecofeminism(s).’ *Women’s Studies. An interdisciplinary journal*. 47, 123-146; e Nova Iorque: Routledge, 1-25.
- Estévez-Saá, Margarita, Manuela Palacios-González e Noemí Pereira-Ares (2020), “Introduction”. *Estudios Irlandeses* (Número especial “Eco-Fictions, the Animal Trope and Irish Studies”) 15.2: 1-5.
- Fox, Warwick. (1989) “The Deep Ecology-Ecofeminism Debate and Its Parallels” *Environmental Ethics*. 11.1 (Spring): 5-25.
- Gaard, Greta (2007) “Posthumanism, ecofeminism, and inter-species relations”. Sherilyn MacGregor, ed., *Routledge Handbook of Gender and Environment*. Londres e Nova Iorque: Routledge. 115-130.

- Gaard, Greta Claire (2017). *Critical ecofeminism*. Lanham, Maryland: Lexington Books.
- Gruen, Lori. (1997). "Revaluing Nature". In Karen J. Warren, ed., *Ecofeminism: Women, Culture, Nature*. Bloomington and Indianapolis. 356-374.
- Guattari, Félix e Guilles Deleuze (2005). *A Thousand Plateaus. Capitalism and Schizophrenia*. Trad. Brian Massumi. Minneapolis: University of Minnesota Press.
- Haraway, Donna J. (1984-1985/2019) "Teddy Bear Patriarchy: Taxidermy in the Garden of Eden, New York City, 1908-1936", *Social Text*, 11 (Winter), pp. 20-64. *El Patriarcado del osito Teddy: taxidermia en el Jardín del Edén*. Prólogo Carmen Romero Bachiller; traducción Ander Gondra Aguirre. Vitoria-Gasteiz e Bos Aires: Sans Soleil Ediciones.
- Holland-Cunz, Barbara (1996). *Ecofeminismos*. Madrid: Cátedra.
- Huggan, Graham e Tiffin, Helen (2010). *Postcolonial Ecocriticism: Literature, Animals, Environment*. Londres e Nova Iorque: Routledge.
- Kheel, Marti (2008). *Nature ethics: An Ecofeminist Perspective*. Lanham, Maryland: Rowman & Littlefield.
- Kingsland, S. E. (1991). "Foundational Papers: Defining Ecology as a Science" L. A. Real e J. H. Brown (eds.) *Foundations of Ecology: Classic Papers with Commentaries*. Chicago: University of Chicago Press.
- López Llamas, Concha (2022). *Yo, ecofeminista. Vivencias y pensamientos en diálogo transformador*. Prólogo Alicia Puleo, Epílogo Yayo Herrero. Madrid: Libros en acción.
- Marvin, Garry e McHugh, Susan (2014). *Routledge Handbook of Human-Animal Studies*. Londres e Nova Iorque: Routledge.
- Mathews, Freya (2007). "The Dilemma of Dualism". In Sherilyn MacGregor, ed., *Routledge Handbook of Gender and Environment*. London and New York: Routledge. 54-70.
- Mickey, Sam (2018). "Editor's Preface." *Ecofeminism in Dialogue*. Douglas A. Vakock e Sam Mickey, eds. Maryland: Lexington, ix-xi.
- Mies, Maria (2016). *Ecofeminismo: teoría, crítica y perspectivas*. Madrid: Icaria.
- Miguel, Ana de (2015). *Neoliberalismo sexual. El mito de la libre elección*. Madrid: Cátedra.
- Ortiz-Robles, Mario (2016). *Literature and Animal Studies*. Abingdon, Oxon.: Routledge.

- Palacios, Manuela (2017). “Travesías das baleas pola poesía contemporánea de Galicia e Irlanda: Xénero, empoderamento e extinción.” *Madrygal*, 20, 127-145.
- Palacios, Manuela (2019). “Relational Difference in Sinéad Morrissey’s Poetry: An Ecocritical Approach.” *Études Irlandaises*. 44.1, 73-85.
- Palacios, Manuela (2019). “Migrant Shores: en prol dunha ecoloxía da atención e da tradución”. *Galicia* 21, Issue I: 125-145.
- Peralta García, Lidia (2019). *Las mujeres como impulsoras de transiciones ecofeministas hacia sociedades más justas y diversas: Castilla La Mancha como laboratorio de experiencias*. Barcelona: UOC.
- Poullain de la Barre, François et al. (2013). *The Equality of the sexes: Three Feminist Texts of the Seventeenth Century* (ed. e tradución Desmond Clark). Oxford: Oxford University Press [1673].
- Poullain de la Barre, François et al. (1993). *De la educación de las damas: para la formación del espíritu en las ciencias y en las costumbres*. Madrid: Cátedra [1671].
- Puleo, Alicia H. (2019). *Claves ecofeministas: Para rebeldes que aman a la Tierra y a los animales*. Ilustr. Verónica Perales. Madrid: Plaza y Valdés editores.
- Sands, Danielle (2019). *Animal Writing: Storytelling, selfhood and the limits of empathy*. Edinburgh: Edinburgh University Press.
- Sandilands, Kate (1991). “Ecofeminism and Its Discontents: Notes toward a Politics of Diversity”. *Trumpeter* 8.2 (Spring): 90-96.
- Shiva, Vandana (1988). *Staying Alive: Women, Ecology and Development*. New Delhi and London: Zed Books.
- Slicer Deborah (1995). “Is there an ecofeminism-deep ecology ‘debate’? *Environmental Ethics* 17.2 (Summer): 151-169.
- Spivak, Gayatri. (1998). “Can the Subaltern Speak?”, *Marxism and the Interpretation of Culture*. Eds. Cary Nelson e Lawrence Grossberg). Londres: Macmillan, pp. 24-28.
- Sze, Julie (2007). “Gender and environmental justice.” Sherilyn MacGregor, ed., *Routledge Handbook of Gender and Environment*. Londres e Nova Iorque: Routledge. 159-168.
- Vakock, Douglas A. e Sam Mickey (eds.) (2018). *Ecofeminism in Dialogue*. Maryland: Lexington.
- Velasco Sesma, Angélica (2017). *La ética animal: ¿una cuestión feminista?*. Madrid: Cátedra y Univ. de Valencia.

- Villanueva Romero, Diana (2010). "Reflections on Literature and Environment: An Interview with Scott Slovic." *Ecozon@* 1.2, 67-86.
- Warren, Karen J. (1996). "Ecological Feminist Philosophies: An Overview of the Issues". Warren, Karen J., ed. *Ecological Feminist Philosophies*. Bloomington, IN.: Indiana University Press.
- (2000). *Ecofeminist philosophy: a Western Perspective on What It Is and Why It Matters*. Lanham, Maryland: Rowman & Littlefield.
- Wollstonecraft, Mary (1792/2004). *Vindicación dos dereitos da muller*. Introd. María Jesús Lorenzo-Modia. Trad. María Fé González. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia e Sotelo Blanco.